



Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN outubro – decembro 2016

17 de outubro: entregamos...




Un paraíso inalcanzable, de John Mortimer

Ao morrer Simeon Simcox, o párroco socialista do pobo de Rapstone Fanner, os seus fillos descubren que deixou toda a súa fortuna ao deputado conservador local Leslie Titmuss. Os dous fillos de Simcox reaccionan de maneira oposta: Henry, impugnará o testamento; en cambio, o seu irmán menor, Fred, decide investigar no pasado de seu pai.

Comentario: 7 de novembro

7 de novembro: entregamos...



El lector, de Bernhard Schlink

Michael Berg ten quince anos e accidentalmente coñece a Hanna, de trinta e sete. Este será o principio dunha relación erótica na que ela sempre lle pide que lle lea en voz alta fragmentos de Schiller, Goethe, Tolstói, Dickens... Un día Hanna desaparece sen deixar rastro. Sete anos despois, Michael, estudante de Dereito, acode ao xuízo contra cinco mulleres acusadas de crimes de guerra e da morte de varias persoas no campo de concentración do que eran gardiás. Unha das acusadas é Hanna.

Comentario: 21 de novembro

21 de novembro: entregamos...




Charlotte, de David Foenkinos

Charlotte Salomon, pintora alemá de orixe xudea, deixa Berlín tras unha infancia marcada por unha traxedia familiar e unha relación amorosa que deixará nela unha pegada definitiva, e pon rumbo a Francia fuxindo dos nazis. No sur de Francia espéranos os seus avós, os cales custodian un segredo que Charlotte non pode coñecer.

Comentario: 12 de decembro

12 de decembro: entregamos...



Non hai noite tan longa, de Agustín Fernández Paz

Gabriel Lamas ten cincuenta anos e vive en París desde 1970. Aos dezaioito anos marchou de Monteverde, a súa vila natal, e nunca máis volveu. Nin sequera cando morreu o seu pai, inxustamente acusado dun delito polo que foi condenado e encarcerado, nun proceso que provocou a súa morte, en 1972. Só trinta e dous anos despois, o falecemento da súa nai é o que o forza a regresar. Entón, comprobará que nunca podemos fuxir do noso pasado e que as feridas mal curadas non deixan de supurar.

Comentario: 16 de xaneiro